

O FUTURO A Rede Fenolóxica Nacional por Internet representa unha nova ferramenta para recompilar as observacións realizadas por calquera persoa interesada na fauna e na flora, sobre todo das aves, que permitirá coñecer como os seres vivos se adaptan ás mudanzas da natureza

¿COMO NOS AFECTA O CAMBIO CLIMÁTICO?

E.F. • Madrid

A Rede Fenolóxica Nacional por Internet, que se presentou a semana pasada, é unha ferramenta nova para recompilar as observacións realizadas por calquera persoa interesada sobre fauna e flora, fundamentalmente de aves, que permitirá coñecer como lles afecta o cambio climático ós seres vivos. Este proxecto, ó que xa se pode acceder a través da páxina www.avesyclima.org, foi elaborado por SEO/Birdlife, en colaboración coa Secretaría Xeral da Contaminación e do Cambio Climático do Ministerio de Medio Ambiente e o Instituto Nacional de Meteoroloxía.

A fenoloxía encárgase de estudar fenómenos naturais tales como as datas de chegada das primeiras andoriñas, os primeiros cantos dos reiseñores ou o momento en que ven os primeiros pitos de cegoña nos ríos, que se repiten todos os anos e cuxas variacións están ligadas ás condicións meteorolóxicas.

SEO/Birdlife traballa desde hai 35 anos na recompilación de información fenolóxica das aves de España, a través dun grupo de traballo encargado de coordinar a rede de colaboradores en todas as provincias, que se dedican a recoller as observacións de primeiras chegadas e últimos avistamentos de determinadas especies migratorias (andoriña, reiseñor, etc). Agora, co lanzamento da Rede Fenolóxica Nacional



Este proxecto, ó que xa se pode acceder a través de www.avesyclima.org, fo. elaborado por SEO/Birdlife

preténdese coñecer a escala nacional como está afectando o cambio climático á biodiversidade, para o que se utilizarán as aves como principal grupo indicador, e como novidade figura a recompilación dos datos a través de Internet.

Na presentación do proxecto,

Antonio Maestro, xefe do Servizo de Aplicacións do Instituto Nacional de Meteoroloxía, explicou que o principal interese da fenoloxía na actualidade deriva da utilidade dos datos observados como indicadores “moi sensibles” do cambio climático e como avaliadores do impacto deste fenómeno. Sinalou que a fenoloxía

é unha ciencia moi antiga, pois existen datos fenolóxicos desde o século XVIII, e agregou que existen moitas redes de observadores pero están desconectadas a escala nacional e internacional.

Juan José Sanz, investigador do CSIC, subliñou que o feito de que as aves migratorias cheguen antes ou

despois a España é un indicador de que algo está cambiando e que algo lles está pasando a estas especies. Para recalcar a utilidade e repercusións do proxecto, Sanz puxo como exemplo que os datos das observacións realizadas por voluntarios foron utilizados pola Administración no tema da gripe aviaria.

Sinalou que hai predicións científicas que indican que España vai ser unha área de migración invernal de bastantes especies no futuro, “de aí a importancia de ter os datos rexistrados”. Grazas ás observacións, sábese por exemplo que a cegoña cada vez chega máis pronto á Península e que algunhas delas non se van nunca, mentres que coa grúa ocorre todo o contrario, dixo Alejandro Sánchez, director executivo de SEO/Birdlife.

O proxecto quere involucrar a todos os cidadáns para que introduzan as súas observacións e tamén á comunidade escolar, xa que ten un sitio específico dedicado a profesores e alumnos interesados en participar na iniciativa, denominado *O Recuncho do Educador*. Sánchez insistiu en que se trata de implicar os cidadáns para que poñan o seu graniño de area mediante a introdución na páxina dunha información que “pode ser relevante nun futuro non moi afastado” e animou os cidadáns para participar no proxecto e ter un gran volume de datos, xa que a porcentaxe de “ruído” vai diminuindo en relación coa cantidade de información introducida.